



CONVENIO ENTRE A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDAD GALEGA (FEUGA) E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) PARA A HABILITACIÓN DUN ESPAZO COMÚN PARA CLÚSTERES (AT CLÚSTERES ESPAZO GALICIA)

REUNIDOS

Por unha parte, o **INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA** (en diante, Igape), con domicilio en Santiago de Compostela, Complexo administrativo de San Lázaro, s/n e NIF Q6550010J; representado neste acto por D. Fernando Guldrís Iglesias, na súa calidade de director xeral, facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do presidente do Igape, feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

E doutra parte, a **FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDADE GALEGA** (en diante, Feuga), con domicilio social en Santiago de Compostela, rúa de Lope Gómez de Marzoa, s/n e NIF G15051667; representada neste acto por D. Francisco Javier Pereiro Pérez, director xeral, con poder abondo para este acto en virtude de escritura pública outorgada o 19 de outubro de 2009, ante a notario do Ilustre Colexio de Galicia con residencia en Ferrol Dona Susana Ortega Fernández, número 963 do seu protocolo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

I. Que o Igape é un ente público competente no desenvolvemento rexional de Galicia. É un ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios entre cuxos obxectivos principais están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das empresas xa existentes en Galicia, así como atraer investimento foráneo e facilitar a internacionalización do tecido produtivo galego.

II. Que Feuga é unha entidade de dereito privado, sen ánimo de lucro, fundada polas tres universidades galegas e as entidades públicas e privadas, cámaras de comercio e confederacións empresariais asinantes da súa Carta Fundacional. Os seus fins diríxense ao desenvolvemento da economía e da sociedade de Galicia e as súas actividades están orientadas ao fomento das relacións empresa-universidade como ingrediente básico do incremento dos niveis de formación, de desenvolvemento tecnolóxico e da competitividade das empresas galegas, contando entre os seus obxectivos principais contribuír á mellora das capacidades empresariais, aplicar nas empresas os coñecementos e tecnoloxías dispoñibles nas universidades e mellorar a formación e cualificación dos recursos humanos. Feuga é unha entidade que, como indica o seu Plan estratéxico, ten como misión incrementar a medio e longo prazo a cantidade e calidade dos proxectos de I+D desenvolvidos polas empresas galegas, buscando novos mecanismos de colaboración para tales efectos.



III. Que o Igape, en desenvolvemento dos seus obxectivos de fomento da competitividade e mellora da produtividade, considera que os clústeres dos diferentes sectores económicos e estratéxicos poden xerar unha colaboración que permita abordar proxectos conxuntos de todo tipo, desde actividades de difusión e fomento do sector ata proxectos de I+D+i, ou de creación de capacidades compartidas. A xeración de sinerxías, o impulso da innovación, a mellora da competitividade e a promoción económica do sector son as razóns de ser dos clústeres e a base da súa importancia para a economía dunha rexión e o seu crecemento socio-económico. Polo tanto, vén desenvolvendo una liña de traballo continuada cos clústeres de Galicia, en sintonía coa intención da Xunta de Galicia de utilizar aos clústeres como pancas do desenvolvemento de Galicia, tal e como recolle a Lei 13/2011, de 16 de decembro, reguladora da política industrial de Galicia.

IV. Que Feuga, na procura da dinamización das relacións entre os axentes dos distintos sectores socioeconómicos e como estrutura para fomentar e facilitar a cooperación en actividades de I+D entre investigadores e empresas, conta cunha sede privilexiada localizada no Campus Vida de Santiago de Compostela, e cun espazo de servizos nun edificio que integra as máis modernas e avanzadas tecnoloxías, instalacións e medios que permiten albergar no seu interior, en cumprimento dos seus fins fundacionais, proxectos empresariais que nacen no ámbito universitario ou empresarial e, ao mesmo tempo, poñer a disposición dos distintos sectores socioeconómicos que poden facer crecer a economía galega, un espazo en aluguer temporal para utilizar como centro de operacións e negocios. Deste xeito, quen acceda aos citados servizos disporá de infraestruturas e medios dun elevado valor para a posta en marcha de proxectos emprendedores e para a dinamización económica doutros.

V. Que Feuga, para o cumprimento dos seus fins fundacionais, conta no seu patrimonio con medios materiais tales como salas de reunións, despachos, aulas, etc. e diversos servizos comúns cuxa dispoñibilidade por parte dos clústeres pode redundar de forma notoria no desenvolvemento da súa actuación como catalizador de I+D+i e, polo tanto, incidir positivamente na economía galega e no crecemento económico.

VI. Deste xeito, ambas organizacións comparten un interese común pola presenza de clústeres galegos nas instalacións de Feuga: o Igape busca a xeración de proxectos colaborativos *inter cluster* e o fortalecemento destes mediante a compartición de recursos e a aplicación de metodoloxías comúns de traballo. Feuga persegue a cercanía coas pancas de desenvolvemento de proxectos nas que poida canalizar resultados de transferencia de coñecemento das tres universidades galegas á empresa.

VII. Que Feuga é unha entidade que reúne características únicas para unha ubicación común idónea dos clústeres galegos: obxecto social de transferencia tecnolóxica, instalacións preparadas para o acollemento de empresas e organizacións asociativas e respaldo das tres universidades galegas para a posta en valor dos resultados dos seus grupos de investigación.

VIII. Que os obxectivos e fins de ambas as dúas partes permiten unha colaboración entre elas, e coinciden na necesidade de establecer un acordo que favoreza o establecemento de clústeres galegos en Feuga co obxectivo de incrementar a competitividade conxunta, coa consecuente repercusión positiva na economía galega e no seu desenvolvemento.



IX. Que en virtude do anteriormente exposto, o Igape e Feuga están interesadas en levar a cabo unha colaboración para impulsar o desenvolvemento empresarial galego e para ese efecto acordan subscribir o presente convenio con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

En virtude do presente convenio, Feuga habilitará nas súas instalacións en Santiago de Compostela un espazo para o establecemento de clústeres galegos interesados en compartilo e colaborar entre eles. Este espazo denomínase AT Clústeres Espazo Galicia.

Igape apoiará a labor de Feuga coa finalidade común de fomentar o desenvolvemento empresarial galego e a economía social e produtiva de Galicia.

Así mesmo, en virtude do presente convenio, o Igape e Feuga comprométense a colaborar no fomento da innovación e transferencia tecnolóxica, desenvolvemento e execución de programas de formación e de bolsas de Feuga, nos termos do presente convenio, dando acceso á devandita colaboración aos clústeres, coa finalidade común de fomentar o desenvolvemento económico e empresarial galego; actuando en ambos os dous casos Feuga como axente dinamizador dos clústeres.

Segunda. *Xustificación da utilización da figura do convenio*

Motívase a utilización da figura do convenio en que Feuga é a única entidade na que concorren as seguintes características, necesarias para a execución do proxecto:

- a) Dispón de instalacións e infraestruturas axeitadas para os requirimentos de xestión dos clústeres de Galicia, ademais de gozar dunha localización idónea por estar o edificio dentro do Campus Sur, pola proximidade aos centros de investigación da Universidade de Santiago de Compostela e pola facilidade de acceso para as empresas pertencentes aos clústeres.
- b) En virtude da súa condición de OTRI está integrada na Rede OTRI do Ministerio de Ciencia e Innovación como axente intermediario no sistema ciencia-tecnoloxía-empresa, tendo como misión, na condición de tal, a de dinamizar as relacións entre os axentes do sistema e identificar as necesidades tecnolóxicas dos sectores socioeconómicos e a de favorecer a transferencia de tecnoloxía entre o sector público e o privado, contribuíndo así á aplicación e comercialización dos resultados da I+D xerada nas universidades e centros públicos de investigación.
- c) Nela conflúen os intereses da Universidade e das empresas na xeración e aplicación do coñecemento.

Esta especificidade de Feuga, xunto coa súa experiencia e preparación especializada, xustifican a imposibilidade de promover a concorrència pública e implican vantaxes e sinerxías así como a axeitada dinámica e axilidade para o Igape ao manter unha relación colaborativa fluída, eficiente e sinérxica cun só actor.



Por outra banda, mediante este convenio o Igape non encomenda unha xestión de servizos a Feuga, senón que expón un marco de colaboración no que une as dúas experiencias e eidos de competencias de cadaquén para conseguir un fin común como é o de habilitar un espazo no que se facilite a colaboración entre clústeres galegos e o seu acceso á transferencia tecnolóxica desde os centros de coñecemento. Esta é a canle axeitada, rigorosa e segura a través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

E esta idea de colaboración na consecución do fin común de habilitación deste espazo é a que fundamenta a subscripción deste instrumento.

Terceira. Actuacións conxuntas do convenio

As actuacións que ambas as partes consideran oportuno xestionar a través do presente convenio materializaranse durante os anos 2022-2025, e consistirán en:

- a) Habilitación do espazo físico compartido, de xeito que se fixarán as condicións económicas de acceso dos clústeres a este espazo.
- b) Innovación e transferencia de tecnoloxía: asesoramento e apoio á actividade dos clústeres neste eido.
- c) Formación: ofrecerase aos clústeres e ás súas empresas o deseño de programas de formación.
- d) Colaboración e participación nos programas de bolsas: regularase a participación dos clústeres no programa de bolsas de Feuga.

Os detalles de cada unha destas accións aparecen no anexo I deste convenio.

Cuarta. Gastos atendibles

Con carácter xeral considéranse gastos atendibles, aos efectos do convenio, aqueles que de xeito indubitado responden á natureza das actividades e fins do convenio cos requisitos seguintes:

- a) Os gastos deberán realizarse no ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata o 31 de outubro de 2025.
- b) Só se aboaran gastos asociados ao convenio para aqueles meses naturais nos que estean establecidos cando menos catro clústeres empresariais nas instalacións de Feuga e ata un máximo de oito clústeres.
- c) O Igape farase cargo dun máximo dun 50% dos gastos variables e do 15% dos gastos fixos totais das actividades obxecto do convenio, sendo os restantes gastos asumidos por Feuga. Os gastos consistirán na diferenza entre as tarifas estándar de Feuga para a utilización dos seus medios e os custos aplicados aos clústeres establecidos nas instalacións de Feuga excluindo o IVE. Esta diferenza recóllese na memoria económica deste convenio (anexo II).

Quinta. Compromisos do Igape

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o Igape contribuirá durante os anos 2022-2025 cun máximo de 47.891,25 € con cargo á partida orzamentaria 06.A1-741A-6418. O anexo II "Memoria económica" detalla esta contribución.

Partida	2022	2023	2024	2025
06.A1 741A 6418	2.660,62 €	15.963,75 €	15.963,75 €	13.303,13 €

Feuga carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.

Igape comprométese a colaborar e, no seu caso, dar o visto e prace ás actuacións presentadas a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula novena sobre as propostas realizadas por Feuga, en particular no referido a actividades de formación e innovación e transferencia tecnolóxica segundo o recollido no Anexo I.

Así mesmo, de ser o caso, deberá especificar a participación nas actividades públicas ao abeiro do convenio dos representantes da Xunta de Galicia, das súas Consellerías ou departamentos e do propio Igape, cunha antelación mínima de 10 días naturais antes da data prevista de celebración.

No marco desta colaboración, o Igape difundirá o proxecto a través das canles que, estando ao seu alcance, considere oportunos.

Sexta. Compromisos de Feuga

Feuga comprométese a executar as actividades do convenio na súa totalidade en estreita colaboración co Igape, acordando co Igape a súa execución e contribuíndo economicamente ás actividades tal e como se describe no anexo II "Memoria económica".

Sétima. Pagamento da contribución do Igape

A contribución do Igape será aboada contra certificacións trimestrais de Feuga comprensivas dos gastos incorridos. As ditas certificacións serán presentadas dentro do mes seguinte á finalización de cada trimestre agás a do último trimestre de cada ano, que terá que presentarse antes do 15 de decembro, e a derradeira, que terá que presentarse o 15 de novembro de 2025 como data límite.

As certificacións, segundo modelo do anexo III virán acompañadas de:

1. Memoria das actividades realizadas: memoria económica xustificativa do 100% do custo das actividades realizadas no trimestre, acompañada polas facturas emitidas aos clústeres durante o período de liquidación.
2. Certificacións expedidas polas respectivas Administracións públicas que acrediten que está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou autorización para que a Xerencia do Igape realice estas consultas polos seus propios medios.



3. Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, segundo o anexo IV deste convenio.

4. Calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio

O Igape abonará a Feuga a parte da súa contribución segundo o indicado na cláusula cuarta.

Procederá a minoración da achega concedida no caso de que:

a) Os clústeres instalados en Feuga sexan menos de catro. Nese caso non procederá o pagamento durante ese/s mes/es ou fracción ata que o número de clústeres chegue de novo ao mínimo de catro, pero non suporá *per se* a resolución do convenio.

b) Feuga obtivese financiamento adicional para os mesmos custos obxecto deste convenio que, sumado á achega do Igape, exceda os custos xustificadas.

c) Os clústeres solicitaran os servizos de innovación e transferencia de tecnoloxía e formación recollidos no anexo I a este convenio e Feuga non llos facilitara sen causa xustificada. A primeira vez procederá a perda do 5% do importe a abonar pola mensuralidade no que se produza a negativa, o 10% pola segunda vez e a reiteración da negativa unha terceira vez poderá dar lugar á resolución do convenio. As reclamacións dos clústeres establecidos en Feuga en canto ao goce das prestacións incluídas neste convenio serán examinadas pola Comisión de Seguimento á que fai referencia a cláusula novena.

Feuga manterá a disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como a Intervención Xeral, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo.

Oitava. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e a súa vixencia estenderase ata o efectivo cumprimento das obrigas que asumen as partes no mesmo e, en todo caso, ata o 30 de decembro de 2025 agás no que se refire ao período de gastos atendibles, que será só ata o 31 de outubro de 2025.

O convenio poderá ser prorrogado, previo acordo das partes, por un período igual ao da vixencia inicial.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

a) O transcurso prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o



incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.

f) O incumprimento por parte de Feuga das obrigas respecto da habilitación do espazo público compartido recollidas no anexo I a este convenio, ben porque non poña a disposición dos clústeres os recursos relacionados ou ben porque incremente os prezos sen autorización do Igape.

g) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Novena. Comisión de Seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes do Igape e dous representantes de Feuga, que se reunirá a petición de calquera das partes e que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

Así mesmo, a Comisión de Seguimento examinará as reclamacións dos clústeres establecidos en Feuga en canto ao goce das prestacións incluídas nestes convenio, de acordo co establecido no apartado 4.c) da cláusula 7.

A citada comisión estará presidida por un dos representantes do Igape que terá voto de calidade, agás en decisións de adxudicación ou contratación que impliquen condicións gravosas para Feuga, que se tomarán por unanimidade. Asistirá sen voto un técnico para levantar acta das sesións. Asemade, tamén sen voto, poderá asistir ás reunións da Comisión o persoal de apoio aos representantes das entidades que se consideren convenientes.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima. Modificacións

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Undécima. Publicidade



De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta; e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia desta puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

Feuga deberá subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

Décimo segunda.- *Protección de datos de carácter persoal*

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPD) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), se calquera das partes accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade de Feuga, adquiren a condición de encargados do tratamento e comprométese a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución deste convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivesen tido acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse a Feuga, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O Igape responde fronte a Feuga do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera modo na execución deste convenio.

Décimo terceira. *Responsabilidade*

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o Igape, de tal xeito que non se poderá esixir a este Instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.



Décimo cuarta. Autorizacións

Feuga consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia. No caso de que Feuga deba presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo Igape non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo Igape, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

Décimo quinta. Natureza xurídica

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable. O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do disposto no seu artigo 6.2 e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O convenio rexerese polas súas propias cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable.

As partes comprométese a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

En caso de conflito ambas as dúas partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Décimo sexta. Normativa aplicable

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 (DOG do 30 de abril) sobre subscripción dos convenios de colaboración con particulares que outorguen as consellerías da Xunta de



Galicia, os organismos autónomos ou entes de dereito público da Administración autonómica, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Será tamén de aplicación o disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo que se regulan os convenios do sector público.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio o 29 de decembro de 2022.

Polo Instituto Galego de Promoción
Económica

Pola Fundación Empresa-Universidade
Galega

D. Fernando Guldrís Iglesias
Director xeral

D. Francisco Javier Pereiro Pérez
Director xeral



ANEXO I DETALLE DE ACTUACIÓN CONXUNTAS DO CONVENIO

HABILITACIÓN DO ESPAZO FÍSICO COMPARTIDO:

Igape e Feuga fomentarán a xeración de proxectos colaborativos *inter cluster* e o fortalecemento destes mediante a compartición de recursos e a aplicación de metodoloxías comúns de traballo; así como promover o desenvolvemento de proxectos nas que se poida canalizar resultados de transferencia de coñecemento das tres universidades galegas á empresa. Nese sentido, os clústeres galegos poderán dispoñer dos seguintes espazos:

Primeiro.- DESPACHOS PRIVADOS PARA OS XERENTES DE CLÚSTERES

Feuga obrígase a poñer a disposición dos clústeres galegos, para uso dos seus xerentes e outro persoal técnico, despachos privados nas seguintes condicións:

- a. Superficie de 16 m².
- b. Dispoñibilidade e acceso ao despacho as 24 horas.
- c. Duración do arrendamento: un ano prorrogable por períodos de igual duración.
- d. O prezo ou renda por despacho será de centro cincuenta e sete euros mensuais (157 € + IVE) e dará dereito a un posto no espazo de *coworking* previsto no seguinte apartado.
- e. Posibilidade de negociación dun novo contrato ao finalizar os tres anos de duración en condicións igualmente vantaxosas e sen límite de prórrogas anuais.

Segundo.- SALA DE *CO-WORKING*

Feuga obrígase a poñer a disposición dos clústeres, a través dun contrato de arrendamento, unha sala de *co-working* (sala común) nas seguintes condicións:

- a. Zona común para traballadores, con posto de traballo individual para cada un, ata un máximo de trece postos de traballo con mesa, cadeira e caixóns.
- b. Acceso ao espazo 24 horas do día.
- c. Duración: un ano prorrogable por períodos de igual duración ata un máximo de tres anos.
- d. O prezo ou renda de cada posto na sala de *co-working* será o seguinte:
 - Primeiro posto sen custe (incluído no aluguer de despacho privado)
 - Seguintes postos terán o custe de trinta e dous euros (32 € + IVE mensuais)
- e. Posibilidade de novo contrato ao finalizar os tres anos de duración en condicións igualmente vantaxosas.

Os arrendamentos previstos nos puntos anteriores, incluírán os gastos de mantemento, limpeza e servizo de reparación dos elementos e instalacións, consumos eléctricos e climatización e seguro de responsabilidade civil do edificio onde se sitúa.

Terceiro.- Outros servizos

Feuga obrígase a poñer a disposición dos clústeres captados e ubicados nas instalacións ao abeiro deste convenio os seguintes medios e servizos:



- a. SALA DE REUNIÓNS: con capacidade para oito persoas, dispoñendo de unha bolsa común de 30 usos ao mes a repartir entre os clústeres, cunha duración de media xornada.
- b. SEMINARIO: con capacidade para vinte e cinco persoas, dispoñendo dunha bolsa común de 15 usos ao mes a repartir entre os clústeres, cunha duración de media xornada.
- c. AULA 2: con capacidade para corenta persoas, dispoñendo de unha bolsa común de 12 usos ao ano a repartir entre os clústeres, cunha duración de media xornada.
- d. AUDITORIO: cun desconto do 30% sobre o prezo de tarifa fixado por Feuga para terceiros.
- e. Tanto o uso das salas como dos seminarios ou da aula 2 terán un acceso de luns a venres (agás as semanas de peche de Feuga en agosto), habendo control de entrega de chaves a través de firmas autorizadas.
- f. Uso do resto das instalacións, ou nos excesos de utilización sobre os usos de instalacións nos termos indicados, cun desconto do 25% sobre o prezo de tarifa fixado por Feuga para terceiros. En todo caso o uso das instalacións estará suxeito ao horario de Feuga e á dispoñibilidade das instalacións nesas datas.
- g. SERVICIOS DE RECEPCIÓN: distribución de correspondencia de entrada, envío de correspondencia previamente franqueada, recepción e entrega de avisos e recollida de mensaxería.
- h. USO DO APARCADOIRO, con dispoñibilidade de dúas tarxetas de acceso por cada clúster.
- i. SERVIZO DE REPROGRAFÍA (0,03€/copia) e escáner, con código personalizado de uso do equipo
- j. Inserción do panel corporativo "Clústeres de Galicia" na entrada principal cuxo coste correría a cargo dos clústeres.
- k. Feuga tamén facilitará un ou varios despachos sen amoblar de 16m² para o seu uso como almacén cun custe de 175 € + IVE por despacho.
- l. Os prezos sinalados no presente apartado terán actualización anual segundo o IPC.

INNOVACIÓN E TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA:

Nesta área Igape e Feuga queren contribuír a mellorar a interlocución entre os distintos axentes que compoñen o Sistema de Innovación, solucionando as dificultades de achegamento entre eles dun xeito proactivo dinamizando iniciativas innovadoras. Neste sentido, o desenvolvemento de iniciativas que apoiem o proceso de transformar o I+D en innovacións empresariais sería un dos eixes de colaboración nos que Feuga achegaría valor engadido aos clústeres.

De xeito continuo, recorrente e proactivo, o persoal de Feuga fomentará a investigación colaboradora tanto entre as universidades e empresas de cada clúster como en liñas de



investigación intersectoriais de interese para varios clústeres, que lles permitan obter economías de escala e aforros de custes de I+D.

Algúns dos servizos que Feuga ofertará aos clústeres son:

- Asesoramento personalizado en financiamento de proxectos de I+D+i, definición ou encaixe da idea de proxecto en programas de financiamento identificados.
- Elaboración de Catálogos Tecnolóxicos personalizados para as necesidades ou demandas de empresas e clústeres (segundo dispoñibilidade dos promotores tecnolóxicos de Feuga).
- Apoio na organización de eventos de I+D+i: *brokerage events*, *tecnomeetings*, seminarios, presentación de programas, *pitching* de proxectos, etc. (segundo dispoñibilidade do persoal de Feuga), coa participación do Igape cando se considere necesario.

Adicionalmente, Igape comprométese a reunirse cos clústeres galego como mínimo unha vez ao ano para recadar información sobre os proxectos desenvolto e eventos de innovación organizados ao abeiro deste convenio, co obxecto de identificar liñas de colaboración, necesidades de difusión e de creación de capacidades compartidas, de cara ao deseño de novas liñas de actuación.

FORMACIÓN

Nesta liña ofrecerase ás empresas dos clústeres o deseño personalizado de programas de formación *ad-hoc* ou *in-company*, axeitados ás súas necesidades específicas, orientados a mellorar a súa produtividade, a súa competitividade, así como a súa capacidade para desenvolver proxectos de I+D+i cos mellores resultados posibles.

Nese sentido, na Comisión de Seguimento do convenio, Feuga dará conta ao Igape das actuacións realizadas de cara ao eventual deseño de actuacións por parte do Igape que poidan dar resposta ás necesidades do tecido empresarial galego.

COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN NOS PROGRAMAS DE BOLSAS:

1. Logo da formalización do correspondente contrato individual, os clústeres poderán colaborar cos programas de bolsas de formación de Feuga mediante o acollemento de beneficiarios dos devanditos programas con suxeición ás bases dos programas de bolsas aprobadas por Feuga, toda vez que:

- a. Os programas de bolsas de formación práctica de Feuga están deseñados co obxecto de facilitar o progreso no itinerario profesional dos estudantes ou recién titulados, actuando como unha plataforma ata o mercado laboral, ademais de revelarse como un importante complemento formativo.
- b. Que son programas de formación cofinanciados por diversas empresas, entidades e organismos públicos e privados, directamente vinculados, a realización de estudos e que teñen carácter práctico ao consistir esencialmente na realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades públicas e privadas.

c. Os programas de formación de Feuga son un medio para facilitar o estudo e a formación do beneficiario, sendo a súa finalidade fundamental a formativa.

d. Os programas de formación de Feuga reúnen os requisitos previstos no artigo 1 do Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

2. Logo da formalización do correspondente contrato individual, poderán contribuír economicamente, mediante convenio de colaboración empresarial, aos obxectivos xerais de Feuga e en especial ao desenvolvemento dos programas de bolsas mediante a cantidade fixada por Feuga para as institucións ou entidades públicas, publicitando en consecuencia Feuga a súa colaboración.

Os acordos de colaboración subscritos entre os clústeres e Feuga para o acollemento de bolseiros serán única e exclusivamente entre estas dúas partes, exonerando ao Igape de calquera tipo de responsabilidade que se derive dos mesmos.

3. Obterán de Feuga, de conformidade co disposto na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, a certificación do donativo a que alude o artigo 24 da lei no momento en que este se faga efectivo.

ANEXO II MEMORIA ECONÓMICA

Espazo	Número usos mes	Prezo de mercado	Custo total mes	8 clústeres	Diferencia	IGAPE	FEUGA
VARIABLES (50%/50%)			2.845,62 €	1.256,00 €	1.589,62 €	794,81 €	794,81 €
Despachos individuais	8	250,00 €	2.000,00 €	1.256,00 €	744,00 €	372,00 €	372,00 €
Co-working (posto)	8	105,70 €	845,62 €	0,00 €	845,62 €	422,81 €	422,81 €
FIXOS (15%/85%)			3.570,00 €	0,00 €	3.570,00 €	535,50 €	3.034,50 €
Sala de reunións	30	36,00 €	1.080,00 €	0,00 €	1.080,00 €	162,00 €	918,00 €
Seminario	15	150,00 €	2.250,00 €	0,00 €	2.250,00 €	337,50 €	1.912,50 €
Aula 2	1	240,00 €	240,00 €	0,00 €	240,00 €	36,00 €	204,00 €
Total mes			6.415,62 €	1.256,00 €	5.159,62 €	1.330,31 €	3.829,31 €
Aportación 36 meses de convenio:						47.891,25 €	137.855,25 €
						(25,78%)	(74,22%)
Total convenio:						185.746,50 €	

Nota: custos sen IVE



ANEXO III: CERTIFICACIÓN DE GASTOS

CONVENIO IGAPE –FEUGA “AT CLÚSTERS ESPACIO GALICIA”

TITULAR: FUNDACION EMPRESA-
UNIVERSIDAD GALEGA

Certificación de gasto nº:	
Período:	

DOCUMENTO XUSTIFICATIVO DO GASTO										DOCUMENTO DE PAGO				
Nome do Clúster destinatario	CONCEPTO DE GASTO	Nº Factura	DATA Factura	Descrición/Concepto	IMPORTE TOTAL DA FACTURA	IMPORTE SEN IVE DE GASTOS FACTURADOS IMPUTABLES AO CONVENIO	PREZO DE MERCADO	ACHEGA DE FEUGA AOS GASTOS ATENDIBLES SEGUNDO ANEXO II	ACHEGA DO IGAPE AOS GASTOS ATENDIBLES SEGUNDO ANEXO II	TIPO e Nº	DATA	IMPORTE	CONTA CARGO	ENTIDADE FINANCEIRA
TOTAL ALEGADO										TOTAL PAGADO				

Don/Dona _____ con NIF nº _____, actuando en nome e representación da entidade arriba indicada,

EXPÓN:



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Que no período comprendido entre o _____ e o _____ asumiu gastos que comprenden conceptos e importes atendibles no convenio de referencia por un importe de _____ euros.

Os gastos asumidos reflíctense fielmente na contabilidade da entidade.

Que para a tramitación desta certificación de gastos presenta a documentación requirida no convenio.

DECLARA:

Que os datos consignados nesta certificación son certos. A falsidade do declarado determinará a imposibilidade de percibir, de ser o caso, os dereitos recoñecidos no procedemento administrativo desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

E por todo iso,

SOLICITA:

Que lle sexa aboada á entidade arriba indicada o importe de _____ euros, ingresándose na seguinte conta bancaria:

-----, ----- de ----- de -----

(Sinatura da persoa representante)



ANEXO IV
DECLARACIÓN RESPONSABLE TITULARIDADE CONTA BANCARIA

D/D^a _____ con DNI n^o
_____, actuando en nome e representación de Feuga,

DECLARA:

que a seguinte conta bancaria, da que é titular Feuga, é a especificamente designada aos efectos de cobramento da contribución do Igape ao obxecto do "convenio entre a Fundación Empresa-Universidad Galega (Feuga) e o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para a habilitación dun espazo común para clústeres (AT Clústeres Espazo Galicia)".

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

_____, ____ de _____ de 20__
(Sinatura da persoa representante)